

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE MARZO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 31 de marzo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de marzo de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, vogal titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a Beatriz Domínguez Pereira, suplente da xefa de RRHH e Formación (asiste ao punto 1a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2a, 2b, 6a, 6b, 9a, 10a e 11a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 9b e 10b)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe emitido pola técnica de prevención de riscos laborais e a xefa da área de RRHH e Formación de data 27 de marzo de 2023 sobre a documentación esixida no sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula".

A Mesa acorda, por unanimidade, dar traslado do referido informe a GEROSALUD, S.L., IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L., PREVISIONOR, S.L. e QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. e concederlles un prazo de 3 días para que poidan emendar a documentación presentada no Sobre C.



2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote leste" (1590-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 23 de marzo de 2023, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a FARIDO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente debía presentar un novo Anexo III ao PCAP "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" asinado dixitalmente polo representante con poder de representación do terceiro, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

A devandita licitadora presentou a documentación requirida en prazo o 27 de marzo de 2023.

Revisada de novo toda a documentación presentada pola licitadora, a Mesa acorda por unanimidade outorgar novo prazo de 3 días a FARIDO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, deberá presentar un novo DEUC, independente, correspondente ao terceiro, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., asinado polo seu representante con poder de representación, ao comprobar que o DEUC presentado tamén contén unicamente a sinatura da representante da licitadora FARIDO, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste (1594-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:25	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A847-C1D42A-D73A3C-Z2EHM2-A8BDVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
4. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
5. HORBAN HORMIGONES, S.L.*
6. MISTURAS, S.A.
7. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
8. NAROM, S.L.
9. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.*
10. UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%)

b) Outorgar un prazo de tres días a FARIDO, S.L.* para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar:

1. Un novo Anexo III ao PCAP "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" asinado dixitalmente polo representante con poder de representación do terceiro, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
2. Un novo DEUC, independente, asinado dixitalmente polo representante con poder de representación do terceiro, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

* Declaran pertencer ao mesmo grupo de empresas

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote leste" (1590-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a outorgar un prazo a un dos licitadores para emendar a documentación acreditativa dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste (1594-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b outorgar un prazo a un dos licitadores para emendar a documentación acreditativa dos requisitos previos.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1593-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefe da Área de Inversións o 27 de



marzo de 2023 de valoración do C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10056-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de marzo de 2023 de valoración do C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1593-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1593-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	123.294,71 €
2	COVSA	111.555,01 €
3	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A.	110.720,43 €
4	MISTURAS SA	91.081,06 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI SL	87.776,49 €
6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,	85.182,40 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	S.L.	
7	NAROM S.L.	26.372,61 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE SL (B36024933), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10056-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10056-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	205.105,34 €
2	OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.	206.309,05 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L (B70240320), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1368-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:25	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A847-C1D42A-D73A3C-Z2EHM2-A8BDVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1368-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 53.158,19 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 6190035 (HUMANIZACION CALEXÓN BALADO), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	196.430,50 €
2023	109.861,91 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



orçamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento o 3 de marzo de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	89,38
2	NAROM, S.L.	81,58
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	30,68

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., o día 20 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 23 de marzo de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:25	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A847-C1D42A-D73A3C-Z2EHM2-A8BDVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 8 de febreiro de 2023 e 17 de febreiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de marzo de 2023, de COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento o 3 de marzo de 2023.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:25	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A847-C1D42A-D73A3C-Z2EHM2-A8BDVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. Adxudicar a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1368-441) sendo o prezo total do contrato de 295.572,18 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 51.297,65 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:25	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A847-C1D42A-D73A3C-Z2EHM2-A8BDVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		